

DECLARACIÓN UNIVERSAL

SOBRE OS ARQUIVOS



Os arquivos rexistran decisións, accións e memorias. Os arquivos son un patrimonio **único e insubstituíble** que se transmite dunha **xeración** á outra. Os arquivos son xestionados desde a súa creación para **conservar** o seu valor e significado. Son fontes **fiáveis** de información que fundamentan accións administrativas **seguras e transparentes**. Xogan un papel **esencial** no desenvolvemento das sociedades **salvagardando e contribuíndo á memoria** individual e colectiva. O libre acceso aos arquivos enriquece o noso **coñecemento** da sociedade humana, promove a **democracia**, protexe os **dereitos** dos cidadáns e mellora a **calidade** de vida.

Por iso, recoñecemos

- **o carácter único** dos arquivos como proba auténtica das actividades administrativas, culturais e intelectuais e como reflexo da evolución das sociedades;
- **a necesidade vital** dos arquivos para apoiar a eficacia administrativa, a responsabilidade e a transparencia, para protexer os dereitos dos cidadáns, establecer a memoria individual e colectiva, e para coñecer o pasado e documentar o presente como guía de accións futuras;
- **a diversidade** dos arquivos no rexistro de cada área da actividade humana;
- **a multiplicidade de soportes** nos que son producidos os arquivos, incluíndo o papel, o electrónico, o audiovisual e outros medios;
- **o papel dos arquiteiros** como profesionais cualificados con formación inicial e continuada que serven ás súas sociedades garantindo o proceso de produción dos documentos e seleccionando, mantendo e facendo accesibles eses documentos par o seu uso;
- **a responsabilidade colectiva** de todos – cidadáns, xestores e responsables públicos, propietarios ou posuidores de arquivos públicos e privados, e dos arquiteiros e outros especialistas da información – na xestión dos arquivos.

Por iso, comprometémonos a traballar de forma conxunta para que

- sexan adoptadas e aplicadas apropiadas políticas e leis nacionais en materia de arquivos;
- a xestión dos arquivos sexa valorada e desenvolvida de forma competente por todas as institucións, privadas ou públicas, que producen e usan arquivos no desenvolvemento das súas actividades;
- se destinen recursos axeitados para asegurar a correcta xestión dos arquivos, incluído o emprego de profesionais debidamente formados;
- os arquivos sexan xestionados e conservados de forma que se asegure a súa autenticidade, fiabilidade, integridade e usabilidade;
- os arquivos sexan accesibles a todo o mundo, mentres se respecten as leis que lles atinxen e os dereitos dos individuos, produtores, propietarios e usuarios;
- os arquivos se usen para contribuíren ao desenvolvemento da responsabilidade dos cidadáns.

Adoptado na Asemblea Xeral do Consello Internacional de Arquivos,
Oslo, Setembro 2010